

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN EN VISITAS GUIADAS ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE BARREIROS

A solicitude de inscrición en calquera das visitas guiadas organizadas polo Concello de Barreiros implicará que tódalas persoas que solicitan praza en nome propio ou como pai/nai/titor/a dos/as menores de idade coñecen, aceptan e se comprometen a cumprir coas seguintes condicións de participación:

COÑECE E ACEPTA:

1.- Que pola organización da actividade informouse suficientemente ao/á participante e nunha linguaxe comprensible sobre as características da mesma na que vai participar e sobre as condicións xerais e físicas requiridas para a devandita participación.

2.- Que se informou de forma suficiente e clara ao/á participante sobre os riscos da devandita actividade, sobre a titulación dos técnicos e sobre as medidas de seguridade a adoptar na realización da mesma.

3.- Que o/a participante coñece e entende as normas reguladoras da actividade e que está plenamente conforme coas mesmas someténdose á potestade de dirección e/ou disciplinaria da organización.

4.- Que está en forma física adecuada. Que non sofre ningún proceso alérxico, limitación ou enfermidade que poida poñer en risco a súa integridade durante a realización da devandita actividade. No caso de sufrir algunha limitación que requira unha atención especial durante a actividade pero que non impida a realización da mesma, deberá ser comunicado previamente.

5.- Que escoitará atentamente e respectando as directrices e explicacións do/da guía.

6.- Que respectará a contorna natural/urbana durante toda a duración da actividade e non deixará ningún residuo ou lixo na mesma.

7.- O participante releva ao Concello de Barreiros e á empresa/persoa que realiza a actividade, de toda responsabilidade por perdas ou danos que se produzan en obxectos propios, deixados, gardados ou transportados tanto antes, durante ou despois da realización da actividade. Do mesmo xeito, o Concello de Barreiros e a empresa/persoa que realiza a actividade quedan libres de responsabilidade respecto daquelas persoas que decidan seguir o seu propio itinerario ou actuar de maneira irresponsable cara a súa seguridade.

8.- Asignación de prazas:

As prazas asignaranse por orde de entrada das solicitudes a través do formulario online posto a disposición na web www.barreirosurismo.gal. As persoas que non obtivesen praza por completarse o cupo dispoñible pasarán a formar parte da lista de agarda. Se a visita guiada en cuestión se celebrase en varias datas, só se permite a inscrición nunha das xornadas. Exceptúase o caso en que a organización lle comunicase que non obtivo praza ou no de cancelación pola organización ou polo/a participante (segundo o punto 9).

9.- Que coñece a política de cancelación ou modificación, concretamente as seguintes cuestións principais:

- A organización resérvase o dereito a cancelar ou aprazar a celebración desta actividade así como de modificar a súa planificación en función de: número de inscricións, condicións meteorolóxicas ou

marítimas (se é o caso), causas de forza maior, así como por restricións sanitarias ou circunstancias similares comunicándoo aos/ás inscritos/as.

- En caso de cancelación por parte da organización, de ser posible, propoñerase unha nova data de actividade e no caso de que o/a/os/as participante/s non poidan na nova data proposta pola organización cancelarse a súa inscrición.

- Cancelación por parte dos/as asistentes:

Os/as asistentes que cancelen a súa participación na actividade con menos de 24 horas respecto á hora de comezo da actividade ou non se presenten (salvo causa debida e documentalmente xustificada), non poderán inscribirse/participar noutras visitas guiadas organizadas polo Concello de Barreiros durante o resto do ano natural no que nos atopemos.

- En caso de que o/a/os/as participante/s formen parte da lista de agarda e a organización contacte con eles/elas para ofrecerlles a posibilidade de participar nesta actividade con motivo da cancelación dalgún/ha inscrito/a con praza confirmada, a organización enviaralle un correo electrónico outorgándolle un prazo de resposta ao mesmo ou, no seu caso, ás chamadas telefónicas. De non responder no prazo outorgado, a organización pasará a chamar á/s seguinte/s persoa/s da lista de agarda, perdendo vostede o seu dereito a participar nesta actividade.

- No caso de que o/a/os/as participante/s non acudan á actividade, en ningún caso se poderá trocar por outra actividade.

- Se o/a/os/as participante/s chegan máis de 10 minutos tarde ao lugar de inicio da actividade, a organización resérvase o dereito para comezar a actividade sen el/ela, dando por feito a non participación na mesma.

COMPROMETESE A:

1.- Notificar inmediatamente á organización calquera problema de saúde que impida o normal desenvolvemento da actividade.

2.- Seguir en todo momento as indicacións dos/as monitores/as.